



NOTA DE PRENSA

“ESENCIAIS 20/50” un laboratorio interxeracional e colaborativo para aprender a envellecer desde a arte, o diálogo e a reflexión

- “Esenciais 20/50” é un laboratorio de creación e pensamento no que, a través das artes e a sociedade, reflexionaremos sobre os estereotipos relacionados coa idade
- Unha iniciativa de Cristina Pato e Xaime Fandiño en colaboración con Cunde e a Oficina Galega de Outros Asuntos do Movemento

Ourense, 3 de decembro de 2021. Este venres, 3 de decembro, a música, escritora, educadora e produtora **Cristina Pato**, o profesor xubilado da USC e creador audiovisual **Xaime Fandiño**, e a Codirectora da Oficina Galega de Outros Asuntos do Movemento **Marina Oural** presentaron no Liceo de Ourense a iniciativa “Esenciais 20/50”, un laboratorio de creación e pensamento que xira ao redor da arte, a sociedade e a idade. O obxectivo desta iniciativa, creada por **Cristina Pato** e **Xaime Fandiño** en colaboración con **Cunde** e a **Oficina Galega de Outros Asuntos do Movemento**, é que os participantes reflexionen e aprendan sobre os estereotipos e os diferentes xeitos de envellecer.

A iniciativa pretende crear un espazo para o diálogo, a reflexión e a creación integrando a persoas de diferentes idades. Con este foco interxeracional, nace a súa programación, centrada nunha serie de obradoiros interdisciplinares que acollerán participantes de diferentes xeracións, oficios e vidas creando con eles espazos de interacción arredor de procesos artístico-pedagóxicos vivenciais.

O resultado destes obradoiros reflectirase no evento cume de “Esenciais 20/50”: unha mostra escénica que se celebrará o vindeiro 18 de decembro no Teatro Principal de Ourense e que conta coa colaboración dun equipo de artistas que inclúe a Marina Oural e Ugia Pedreira (Oficina galega de outros asuntos do movemento), a poeta Eva Veiga, a improvisadora oral e docente Alba María, a improvisadora e compositora Chafa Alonso, a cantante e compositora Wöyza, e o grupo interxeracional Deteriorados. Os protagonistas desta obra serán as historias de vida e

GABINETE DE PRENSA - CULTURA NA RAIÁ

culturanaiaia@gmail.com

618 26 96 87 | 647 21 33 17



experiencias dun grupo de persoas que están a afrontar o envellecemento de xeitos diferentes, xerando un espazo común entre público e participantes da mostra.

“Esenciais 20/50” nace coma unha resposta cultural ao fenómeno do idadismo, un termo acuñado polo xerontólogo norteamericano Robert N. Butler que o definía coma «a discriminación sistemática contra as persoas pola súa idade», unha discriminación a nivel social e institucional, que se manifestou con máis forza que nunca durante a pandemia do coronavirus.

Sobre o nome. Esenciais 20/50

No ano 2019, o periódico *El País* publicaba unha reportaxe na que definía a Ourense coma «o epicentro da Europa avellentada». Nese artigo citábase ao profesor da Universidade de Vigo, Alberto Vaquero, dicindo que «Ourense ten hoxe os perfís demográficos da UE en 2050». E desa idea, do feito de que a provincia vai por diante nesta histórica carreira demográfica, nace o nome deste proxecto, “Esenciais 20/50”, cuxa intención é crear un espazo para o diálogo, a reflexión e a creación cun sector da sociedade do que aprender moito.

PROGRAMACIÓN "ESENCIAIS 20/50"

Venres, 3 de decembro

Obradoiro de improvisación oral con Alba María e alumnos do IES As Lagoas.

Localización: Aula de música IES As Lagoas

Xoves 16 e venres 17 de decembro

Obradoiro de creación escénica con artistas e colaboradores. Dirixido por Marina Oural e Chefa Alonso.

Localización: Universidade de Vigo, Campus de Ourense

Sábado, 18 de decembro.

Mostra escénica coa participación dos músicos Alba María, Chefa Alonso, Wöyza, a banda interxeneracional Deteriorados, a poeta Eva Veiga, alumnas do IES As Lagoas e as experiencias vitais de Dosía González Gómez, Maruxa Lorenzo Selas, Xaime Fandiño e José Piñeiro.

Localización: Teatro Principal de Ourense

Horario: 20.00h

Entradas: www.teatroprincipalourense.com



Máis información:

<http://www.cristinapato.com/esenciais2050/>

Materiais e Sala de Prensa:

https://drive.google.com/drive/folders/1ENed-0DQqvNgUbwN0_Tkumq0LcqIZzQD?usp=s_haring